

# CARREIRA AO CASTRO DE EIRAVEDRA 2010

## REGULAMENTO

1. DESCRICIÓN BÁSICA: Carreira pedestre de carácter popular, realizada dentro dos actos do Oenach Atlántico de Sedes (Narón).
2. ORGANIZA: Padroado de Cultura do Concello de Narón, a través de SEDEGA SL
3. DATA: 1 de Agosto de 2010, ás 19 horas
4. PERCORRIDO E CATEGORÍAS: A carreira discorre principalmente en asfalto, excepto nas categorías menores que discorre por camiño de terra compactada. Na categoría absoluta, alternanse pendentes e subidas (longas, de máis de 100 m), algunhas de grande inclinación (+ 15 %)

Así, o Percorrido constará de varios circuitos adaptándose a cada categoría e idade,

Categorías	Anos	Distancia	Horario
PEQUENOS	Nacidos/as no ano 2002 e posteriores (ate 8 anos)	500 m. 1 volta circuito Aldea Nova	19:00
MEDIANOS	Nacidos/as entre o 2001 e 1997 (de 9 a 13 anos)	1.000 m. 2 voltas circuito Aldea Nova	19:15
MAIORES	Nacidos/as no ano 1996 e anteriores	5.000 m. 1 volta circuito Aldea Nova + circuito ao Castro de Eiravedra	19:30

A saída darase en todas as categorías dende a Campa de Xogos do PTIDR Aldea Nova. A chegada será no mesmo lugar, excepto a da categoría MAIORES, que será na Feira do Trece. O percorrido estará debidamente sinalizado pola organización. Existirá un avituallamento no lugar de meta

5. INSCRICIÓN E DORSAIS: A inscrición realizarase na tarde do 1 de Agosto de 2010, de 17 a 19 horas na Campa de Xogos do PTIDR Aldea Nova; alí facilitaranse os dorsais. Durante a proba levarase o dorsal na parte dianteira, de forma visible e sen dobrar.

6. CLASIFICACIÓNS: Tense previsto efectuar 6 clasificacións independentes de acordo coas categorías antes comentadas: pequenos, medianos e maiores, con distinción masculina e feminina en todas elas.

7. PREMIOS: Medallas para todos os participantes nas categorías pequenos e medianos Trofeo aos tres primer@s de cada categoría indicada

Entrega de Premios: A partir da 20:30 horas, na campá central do Oenach Atlántico – Sedes (Narón)

8. DESCUALIFICACIÓNS: Pódense dar os seguintes motivos:
  - a.O servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
  - b. Todo atleta que non realice o percorrido completo.

c. O/A atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou reitérese en protestas ante a Organización á marxe do estipulado no artigo 8 do Regulamento.

9. PARTICIPACIÓN: Poderá participar calquera persoa que o desexe sen importar condición, sexo ou nacionalidade de acordo coas normas RFEA e / ou IAAF. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequio.

10. SEGURIDADE: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de seguro de responsabilidade civil concertada por SEDEGA SL. Estarán excluídos os derivados dun padecimento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das normas, etc. Tamén quedarán excluídos os producidos por desprazamentos a/ou desde o lugar en que se desenvolve a proba. Os servizos sanitarios e as ambulancias estarán situados na zona de Saída/Meta, e pechando a carreira canda o coche vasoira. Calquera corredor con problemas médicos (alerxia, atencións especiais, etc.) deberá facero constar no reverso do dorsal da proba. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización e estarán debidamente sinalizados.

11. RECLAMACIÓNS: Dado o carácter deportivo e Popular non se admitirán reclamacións. A organización resérvase o dereito a modificar este regulamento se as circunstancias así aconselláseno (informando oportunamente), e o non recollido no mesmo resolverase segundo o criterio da mesma, sendo as súas decisións inapelables. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída na Carreira, aceptan o presente Regulamento, e en caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador. Todo o non previsto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FACV, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

12. SERVICIOS a disposición dos participantes:

1. Duchas: No albergue do PTIDR Aldea Nova

2. Avituallamiento: Habilitado nos lugares de meta.